



CONVOCATORIA

Convócase a vostede á sesión ordinaria a celebrar pola Xunta de Goberno da Excm. Corporación Provincial, en primeira convocatoria ás once horas do día **VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO**, para tratar sobre os asuntos incluídos na Orde do Día.

De non celebrarse na data e hora indicados, a sesión terá lugar en segunda convocatoria á mesma hora do martes seguinte, salvo que coincida con días festivos, ou inhábiles, en cuxo caso celebrárase á mesma hora do primeiro día seguinte hábil.

A partir da convocatoria os expedientes encóntranse a disposición dos Sres. Deputados na Secretaría da Deputación.

O PRESIDENTE

ORDE DO DIA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de setembro de dous mil vinte e catro.
2. Aprobación, se procede, do procedemento de adxudicación e do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas para a contratación dun semirremolque novo, tipo góndola (asfaltera) para o Parque Móbil da Deputación de Lugo.
3. Aprobación, se procede, da adxudicación da contratación da adquisición de tres turismos berlinas híbridos enchufables para o Parque Móbil.
4. Modificación do contrato do servizo de mantemento integral das instalacións de protección contra incendios nos Centros de Atención ás Persoas Maiores de Trabada, Pol, A Fonsagrada, Pedrafita do Cebreiro, Meira, Castroverde, Navia de Sarna e Ribas de Sil.
5. Aprobación, se procede, en relación a aceptar a renuncia e a declarar concluído o procedemento da axuda incluída nos investimentos do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2022.
6. Aprobación, se procede, de propostas relativas á tramitación de convenios con entidades e concellos.

	IV7U23J2DIE3LRFM2LWSKXZAMI	Fecha y Hora	25/09/2024 12:39:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U23J2DIE3LRFM2LWSKXZAMI	Página	1/2	

	IV7U23SKL5HVMV2HSWVMMFZKPIY	Fecha y Hora	25/09/2024 13:00:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U23SKL5HVMV2HSWVMMFZKPIY	Página	1/2	



7. Proposta de concesión de premios para deportistas individuais da provincia de Lugo, disciplina automobilismo, especialidade rally de asfalto, terra ou montaña, vehículos históricos e enerxías alternativas, anualidade 2024: acordo de concesión definitiva.
8. Proposta de aprobación, se procede, da renuncia dunha entidade á participación no programa Coñece a túa provincia (anualidade 2024).
9. Proposta de aprobación, se procede, de renuncia de subvencións destinadas a entidades asociativas culturais da provincia de Lugo en concorrencia competitiva para a realización de investimentos en instalacións de carácter cultural e para equipamentos culturais, ano 2023.
10. Proposta de aprobación, se procede, da renuncia de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2023.
11. Comparecencia no procedemento abreviado nº 234/2024-P.
12. Comunicacóns da Presidencia.
13. Rogos e preguntas regulamentariamente formulados.

	IV7U23J2DIE3LRFM2LWSKXZAMI	Fecha y Hora	25/09/2024 12:39:09	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	JOSÉ TOMÉ ROCA (Presidente Da Deputación de Lugo)			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U23J2DIE3LRFM2LWSKXZAMI	Página	2/2	

	IV7U23SKL5HVMV2HSWVMMFZKPIY	Fecha y Hora	25/09/2024 13:00:15	
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.			
Firmado por	DIPUTACION PROVINCIAL DE LUGO			
Url de verificación	https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7U23SKL5HVMV2HSWVMMFZKPIY	Página	2/2	